

INFORMACIÓN DO SERVIZO DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DIRIXIDA AO FUTURO ESTUDANTE DE GRAO

AS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS VIRTUAIS (XPAV)

No Servizo de Estudantes da Universidade da Coruña (UDC), estamos preparando **AS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS VIRTUAIS (XPAV) para os vindeiros mércores 30 e xoves 31 de marzo, en horario de 16:00h a 20:00h, vía Teams.**

A nosa intención é facer unhas *Xornadas* áxiles e interesantes para o Futuro Estudiante, nas que poderá:

- Seguir as charlas en directo das titulacións de Grao nas que poderán facer consultas aos relatores.
- Ver vídeos dos Centros e da Vida Universitaria que a UDC lles ofrece, así como testemuñas do alumnado universitario.
- Participar nos **retos e obradoiros**, nos que poderán conseguir premios.

As **Xornadas** comezarán o día **30 e o 31 de marzo ás 16,00h** coa charla en directo sobre as **ABAU - PREINSCRICIÓN** do prof. **Pedro Armas, Delegado da UDC ante a CIUG**, nas que expoñerá o calendario e novidades para o 2022.

Podedes visitar a última edición das *Xornadas* virtuais na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/es/futuros_estudiantes/portas_abertas/

BOLSAS MINISTERIO EDUCACIÓN

Adianto prazo de solicitudes curso 2022/23

O sábado 12/03/2022, publicouse no BOE a convocatoria de becas de carácter xeral para o curso 2022/23, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios.

O prazo de solicitudes será do 30 de marzo ao 12 de maio de 2022, a través da Sede Electrónica do Ministerio.

<https://www.becaseducacion.gob.es/portada.html>